

A interesada disporá dun prazo de dez días hábiles, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta cédula, para examinar o expediente.

Durante este prazo poderá alegar e presentar os documentos e as xustificacións que considere pertinentes.

Para que conste e lle sirva de notificación á citada denunciada, en cumprimento do disposto no artigo 59º.5 da dita Lei 30/1992, do 26 de novembro, expido e asino esta cédula.

Santiago de Compostela, 10 de decembro de 2010.

María Martínez Allegue
Directora da Axencia de Protección
da Legalidade Urbanística

Cédula do 10 de decembro de 2010 de emprazamento para trámite de audiencia no expediente de reposición da legalidade urbanística IU1/3/2010, devolta polo órgano notificador por resultar o seu domicilio descoñecido.

De conformidade co disposto no artigo 59º.5 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, publícase o emprazamento para trámite de audiencia ditado no expediente de reposición da legalidade urbanística IU1/3/2010, a Preciosa Suárez Traba, na súa condición de titular rexistral, en relación coas obras consistentes na construción dunha vivenda unifamiliar, que se levan a cabo no lugar de Suarriba, parroquia de Sardiñeiro, no termo municipal de Fisterra, provincia da Coruña.

O expediente relacionado atópase á disposición da interesada na citada Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, sita no edificio Witland, Salgueiros, en Santiago de Compostela.

A interesada disporá dun prazo de dez días hábiles, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta cédula, para examinar o expediente.

Durante este prazo poderá alegar e presentar os documentos e as xustificacións que considere pertinentes.

Para que conste e lle sirva de notificación á citada denunciada, en cumprimento do disposto no artigo 59º.5 da dita Lei 30/1992, do 26 de novembro, expido e asino esta cédula.

Santiago de Compostela, 10 de decembro de 2010.

María Martínez Allegue
Directora da Axencia de Protección
da Legalidade Urbanística

PORTOS DE GALICIA

Acordo do 17 de novembro de 2010, da Zona Centro, polo que se somete a información pública a revisión da concesión administrativa outorgada ao Concello de Corcubión o 26 de setembro de 2005, de ocupación do dominio público portuario do porto de Corcubión para a construción dun edificio para sede de protección civil, que implicaría a tramitación dunha modificación substancial do título concesional por cambio de localización. (Expediente 12-33-04-C-1).

Estase a tramitar unha revisión da concesión administrativa outorgada ao Concello de Corcubión, con destino á construción dun edificio para sede de protección civil no porto de Corcubión, que implicaría a tramitación dunha modificación substancial do título concesional, segundo o proxecto de título Proxecto básico e de execución da nave para protección civil no concello de Corcubión, redactado en xuño de 2002 polo arquitecto Antonio Deus Álvarez.

O que se fai público, para os efectos previstos no artigo 110º da Lei 48/2003, do 26 de novembro, de réxime económico e de prestación de servizos dos portos de interese xeral (BOE nº 284, do 27 de novembro), para que as persoas e entidades interesadas poidan examinar o expediente e presentar por escrito as alegacións que consideren oportunas nas oficinas da Zona Centro de Portos de Galicia, sitas na rúa Alférez Provisional, 5-1º, 15006 A Coruña, no prazo de vinte (20) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao de publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*.

A Coruña, 17 de novembro de 2010.

Lorena Solana Barjacoba
Enxeñeira xefa da Zona Centro
de Portos de Galicia

Resolución do 15 de decembro de 2010 pola que se anuncia a licitación, mediante procedemento aberto e sistema multicriterio, tramitación ordinaria e expediente anticipado de gasto, do contrato suxeito a regulación harmonizada de servizos que se cita.

Servizo de asistencia técnica á dirección das obras da nova lonxa no porto de Ribeira.

1. Entidade adxudicadora.

a) Organismo: ente público Portos de Galicia.

b) Dependencia que impulsa o expediente: Área de Infraestruturas.

c) Dependencia que tramita o expediente: División de Contratación.

2. Obxecto do contrato.

a) Descrición do obxecto: realización dos traballos de oficina técnica e de campo necesarios para a xestión completa do contrato de asistencia técnica á dirección da obra da nova lonxa de Ribeira.

b) Lugar de execución: Ribeira (A Coruña).

c) Orzamento base de licitación: cincocentos deza-sete mil cento vinte euros (517.120 €), IVE excluído.

d) Importe do IVE (18%): 93.081,60 euros.

e) Prazo de execución: trinta e oito (38) meses.

f) División por lotes: non hai.

3. Tramitación e procedemento.

a) Tramitación: ordinaria. Expediente anticipado de gasto.

b) Procedemento: aberto con varios criterios de valoración (sistema multicriterio).

4. Garantías.

a) Provisional: 15.513,60 euros (3% do orzamento de licitación, IVE excluído).

b) Definitiva: 5% do orzamento de adxudicación, IVE excluído.

5. Obtención de documentación e información.

a) Solicitude de información e consultas sobre os pregos: faranse a través de correo electrónico dirixidos á seguinte conta de correo:

laura.gonzalez.gurgueiro@xunta.es

Teléfono: 881 88 16 45.

b) Obtención de documentación: o prego de prescricións técnicas particulares, o prego tipo de cláusulas administrativas particulares e o cadro de características do contrato poderanse obter no seguinte enderezo da internet:

-Perfil do contratante:

www.contratosdegalicia.es/resultado.jsp?N=14549. No perfil poderase facer o seguimento das diversas fases do procedemento de contratación.

c) A data límite de obtención de documentación e información coincide coa data límite de presentación de ofertas, establecida no número 7 a) deste anuncio.

6. Requisitos específicos do contratista.

a) Clasificación: non procede.

b) Outros requisitos: os licitadores deberán acreditar a súa solvencia económica e financeira e a técni-

ca ou profesional conforme o disposto no punto 9.2 do cadro de características do contrato. Así mesmo, deberán de observar o cumprimento de todos os demais requisitos que, se é o caso, se atopan especificados tanto no prego tipo de cláusulas administrativas particulares como no de prescricións técnicas particulares.

7. Presentación de ofertas e das solicitudes de participación.

a) Data límite de presentación: o prazo de presentación de proposicións rematará o 9 de febreiro de 2011, ás catorce (14.00) horas.

b) Documentación que hai que presentar: segundo o indicado no número 12 do Cadro de características do contrato, na cláusula 4.7 do prego tipo de cláusulas administrativas particulares e no prego de prescricións técnicas particulares.

c) Lugar da presentación:

-Entidade: as proposicións presentaranse en tres (3) sobres pechados, no Rexistro Central do ente público Portos de Galicia.

-Enderezo: praza de Europa, 5-A, 6º, polígono das Fontiñas (Área Central).

-Localidade e código postal: Santiago de Compostela, 15707.

-Teléfono: 902 40 08 70.

-Fax: 981 54 53 24.

Tamén poderán presentarse por correo certificado dentro do prazo de admisión sinalado conforme o disposto no artigo 80º.4 do Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas.

d) Prazo durante o que o licitador se obriga a manter a súa oferta: dous (2) meses desde a apertura pública das proposicións económicas.

e) Criterios de adxudicación: a oferta economicamente máis vantaxosa determinarase en virtude da aplicación dos criterios establecidos no número 14 do cadro de características do contrato.

f. Variantes: non se admiten.

8. Apertura de ofertas.

a) Entidade: sala de xuntas do ente público Portos de Galicia.

b) Enderezo: praza de Europa, nº 10-A, 4º. Polígono das Fontiñas (Área Central).

c) Localidade e código postal: 15707, Santiago de Compostela.

d) Data de apertura: a apertura pública das ofertas (sobre B) levarase a cabo nun prazo non superior a sete (7) días contados desde a apertura da documen-

tación administrativa do sobre A. No caso de que ese día coincida en sábado ou festivo, a apertura realizárase o primeiro día hábil seguinte.

No acto público de apertura do sobre B, a mesa fixará e dará publicidade á data, lugar e hora en que se procederá á apertura do sobre C.

e) Hora: 9.00 horas.

Se por algún motivo houberse que modificar a data de realización dalgún acto público de apertura de proposicións, reflectirase a nova data no perfil do contratante.

9. Outras informacións: a mesa de contratación, en cumprimento do disposto na cláusula 4.8.1.b) do prego tipo de cláusulas administrativas particulares, comprobará en acto previo a documentación administrativa (sobre A) e publicará no perfil de contratante e no taboleiro de anuncios dos servizos centrais de Portos de Galicia o resultado da apertura, para que se emenden, se fose o caso, e dentro do prazo que se indique, os defectos materiais observados na dita documentación.

10. Gastos do anuncio: os gastos que deriven da publicación deste anuncio serán por conta do adxudicatario.

11. Data de envío do anuncio de licitación do contrato ao *Diario Oficial de la Unión Europea* (DOUE): 15 de decembro de 2010.

Santiago de Compostela, 15 de decembro de 2010.

José Manuel Álvarez-Campana Gallo
Presidente de Portos de Galicia

SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

Resolución do 29 de novembro de 2010, da Xerencia Xeral do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela, pola que se fai pública a adxudicación da obra de reforma da unidade de psiquiatría infanto-xuvenil do Hospital Clínico Universitario NB-CHS1-10-070.

1. Entidade adxudicadora:

a) Organismo: Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela.

b) Dependencia que tramita o expediente: Contratación Administrativa.

c) Número de expediente: NB-CHS1-10-070.

d) Enderezo da internet do perfil do contratante: www.sergas.es.

2. Obxecto do contrato:

a) Tipo: obra.

b) Descrición: obra de reforma da unidade de psiquiatría infanto-xuvenil do Hospital Clínico Universitario.

c) Lotes (de ser o caso):

d) CPV (referencia de nomenclatura):

e) Acordo marco (se procede):

f) Sistema dinámico de adquisicións (se procede):

g) Medio de publicación do anuncio de licitación:

h) Data de publicación do anuncio de licitación:

3. Tramitación e procedemento.

a) Tramitación: ordinaria.

b) Procedemento: negociado.

4. Orzamento base de licitación. Importe neto: 198.946 euros IVE (18%). Importe total: 234.756,28 euros.

5. Adxudicación:

a) Data de formalización: 22 de novembro de 2010.

b) Contratista: *Decor Rede Rivas, S.L.*

c) Nacionalidade: española.

d) Importe ou canon de adxudicación: Importe neto: 195.946 euros. IVE (18%). Importe total: 231.216,28 euros.

Santiago de Compostela, 29 de novembro de 2010.

Rosa Bermejo Pareja
Xerente xeral do Complexo Hospitalario
Universitario de Santiago de Compostela

b) DA ADMINISTRACIÓN LOCAL

CONCELLO DE OÍMBRA

Edicto.

Na sesión plenaria extraordinaria que tivo lugar do día 2 de decembro de 2010, a corporación municipal de Oímbra acordou darlle a súa aprobación inicial ao documento de informe de sustentabilidade ambiental correspondente ao Plan especial do parque empresarial no concello de Oímbra, que se situará na vía provincial Verín-Oímbra.